

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Decreto 56/2011, do 31 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.*

O artigo 31º.6 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño, establece que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes serán obxecto de oferta de emprego público.

O artigo 29º.dous da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2011, determina que o Consello da Xunta de Galicia poderá autorizar, coa limitación establecida no punto un deste artigo, por proposta da Dirección Xeral da Función Pública ou, se é o caso, das consellerías competentes na materia e co informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos, a convocatoria das prazas vacantes.

Polo anterior, e tendo en conta a planificación educativa e as prazas vacantes nos distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cómpre a aprobación da oferta de emprego público relativa aos corpos docentes, no ano 2011.

Na súa virtude, consultada a mesa sectorial docente non universitaria, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe favorable da

Dirección Xeral de Orzamentos e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta e un de marzo de dous mil once,

### DISPOÑO:

*Artigo 1º.-Aprobación da oferta de emprego público dos corpos docentes.*

Apróbase a oferta de emprego público correspondente aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o ano 2011 nos termos que se establecen neste decreto, e de conformidade co disposto no artigo 31º.6 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

*Artigo 2º.-Cuantificación da oferta de emprego público.*

Corpo de mestres: 250.

Corpo de profesores de artes plásticas e deseño: 18.

*Artigo 3º.-Reserva para persoas con discapacidade.*

Do total de prazas ofertadas para ingreso reservárase unha cota do 7% do conxunto delas para seren cubertas por persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. A distribución da dita reserva por corpos e especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas. As prazas que queden vacantes da quenda de discapacidade non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

No suposto de que algún dos ou das aspirantes con discapacidade que se presente pola quenda de reserva superase a proba e non obtivese praza na citada quenda, sendo a súa

puntuación superior á obtida por outro persoal aspirante do sistema de acceso xeral, será incluído ou incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

*Artigo 4º.-Admisión de persoas con discapacidade.*

1. Nas probas selectivas para o acceso ás prazas ofertadas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. Nas probas selectivas establecerase, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións de tempo e medios para a súa realización. Nas convocatorias indicárase claramente esta posibilidade, así como que o persoal interesado deberá formular a petición concreta na correspondente solicitude de participación.

Para tal efecto os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración competente.

*Artigo 5º.-Promoción interna.*

Do total de prazas convocadas para o corpo de profesores de artes plásticas e deseño reservárase unha cota de ata o 10% para a súa cobertura pola quenda de promoción interna. A distribución da dita reserva por especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas, sen que se poida superar en ningunha delas o 50% das prazas que se convocan. As prazas que queden vacantes da quenda de promoción interna non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

### *Disposición adicional*

*Única.-Adquisición doutra especialidade.*

A Consellería de Educación e Ordenación universitaria poderá, ademais, convocar o procedemento para que os funcionarios docentes de carreira que dependan directamente dela poidan acadar unha nova especialidade dentro do corpo ó que pertencen.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de marzo de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Decreto 57/2011, do 10 de marzo, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Castro da Cidá de Borneiro, no termo municipal de Cabana de Bergantiños, na provincia da Coruña.*

O xacemento arqueolóxico coñecido como A Cidá de Borneiro é un dos elementos sobranceiros da cultura castrexa na Costa da Morte e concretamente de toda a Comarca de Bergantiños. Está situado nun pequeno outeiro a uns 500 m. ao sur da Igrexa de San Xoán de Borneiro, nunha zona actualmente dedicada a monte baixo con piñeirais, cunha ampla visibilidade desde o litoral.

O monumento do castro cos seus recintos e todas as estruturas, incluídos os sistemas defensivos máis exteriores e unha área de seguridade onde se desenvolveron actividades a el vinculadas, abrangue unha área de 50.567 metros cadrados que inclúe ademais os vestixios arqueolóxicos descubertos pola investigación e os espazos consubstanciais a estes. Prevese unha contorna de 22.033 metros cadrados cuxa alteración podería afectarlle negativamente aos seus valores, estudo e contemplación.

Existen 29 construcións na croa de forma circular simple ou ovalada, unha muralla en forma de espón, e un foxo xunto cun barrio extramuros. Todas as vivendas contan con fogares e nalgunhas obsérvanse restos de poste.

Neste xacemento atopáronse múltiples fragmentos de cerámica indíxena, útiles de ferro e bronce,

muíños de pedra, fíbulas, moldes, contas de vidro e outros elementos, hoxe en día expostos no Museo Arqueolóxico da Coruña.

Trátase dun xacemento amplamente coñecido na bibliografía arqueolóxica galega, tanto por ser un dos primeiros asentamentos estudados no comezo das investigacións sobre a cultura castrexa, como por terse desenvolvido nel numerosas intervencións arqueolóxicas. Realizáronse escavacións nas décadas dos anos 30, 70 e 90 do pasado século e, ao longo deste período de tempo, no interior da croa foron postas ao descuberto un bo número de construcións, que forman un conxunto arquitectónico bastante homoxéneo no que se observan similares características construtivas e de conservación.

Unha das súas características máis destacables é o axeitado estado de conservación que presentan, na maior parte dos casos, as estruturas presentes no interior da maioría destas construcións, como son os furados de poste e os fogares.

As investigacións realizadas na última campaña de escavación e restauración no Castro da Cidá de Borneiro (ano 2007), achegaron datos moi novidosos con respecto do Monumento de Forno, documentado en escavacións anteriores. Puido confirmarse a súa funcionalidade análoga a elementos atopados noutros castros, como Punta dos Prados ou Coaña, aínda que neste caso a estrutura ten maiores dimensións.

Son precisamente estas dúas características: ser un importante conxunto arqueolóxico posto ao descuberto, e o suficiente estado de conservación das estruturas existentes no interior da maior parte das construcións, as que lle confiren a este castro unhas interesantes expectativas de cara ao seu aproveitamento cultural con fins pedagóxicos e didácticos, facilitando a visita do público e contribuíndo á comprensión tanto do xacemento en particular como da cultura castrexa en xeral.

A área ou contorna de protección proposta trata de adaptarse ao territorio circundante baseándose en criterios de visualización e visibilización, gardando unha distancia de seguridade que trata de adaptarse aos límites das parcelas, viarios e fitos xeográficos existentes.

É por iso que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, vistos os informes dos seus servizos técnicos, mediante Resolución do 26 de xaneiro de 2010 (DOG nº 37, do 24 de febreiro), resolveu incoar no seu favor o procedemento para a declaración como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, en virtude do disposto no título I da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, así como no Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.